Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de xuño de 2017 en relación coa situación de peche da pesqueira da cigala na zona VIIIc e as súas repercusións para a frota galega de arrastre

- 26383 - 19872 (10/PRE-005245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xestión para a construción dunha rampla no peirao de Esteiro, en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o mantemento dalgunha conversa co patrón maior de Muros ao respecto e, se é o caso, os compromisos acadados

- 25998 - 20425 (10/PRE-005288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da derogación da Lei 1/2012, do 20 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, e a restauración das condicións laborais existentes antes da súa entrada en vigor, así como o establecemento coas organizacións sindicais dun calendario de recuperación do complemento específico ou concepto equivalente suprimido nas pagas extraordinarias de 2013, 2014, 2015 e 2016

- 25997 - 20606 (10/PRE-005312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as propostas e valoracións trasladadas ou que vai trasladar o Goberno galego tras o informe elaborado pola Comisión de expertos para a revisión do modelo de financiamento autonómico, as súas razóns para non informar o Parlamento de Galicia ao respecto e a súa opinión referida á posible eliminación da coñecida como 'cláusula do statu quo', o avance na recentralización e na perda de capacidade normativa propia, así como as posibilidades de que a Administración central non incremente os recursos dispoñibles

- 25869 - 20668 (10/PRE-005321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopan os nove traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús A Mariña-Viveiro-Ribadeo que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria, así como as medidas adoptadas e/ou previstas ao respecto

- 26339 - 21402 (10/PRE-005380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións concretas e os prazos previstos polo Goberno galego para a recuperación das embarcacións tradicionais, a valoración da posibilidade de garantir espazos para o seu amarre nas dársenas de titularidade autonómica e as súas intencións respecto da creación da figura das 'mariñas tradicionais' naqueles portos onde exista esa frota, así como as medidas que vai adoptar para posibilitar a actuación do sector marítimo-cultural como axente dinamizador nos portos autonómicos

- 26338 - 21532 (10/PRE-005387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación do relevo xeracional no sector pesqueiro, as medidas que vai adoptar para garantilo e as actuacións concretas previstas ao respecto, así como a súa opinión en relación coa incidencia que van ter nel os recortes orzamentarios levados a cabo en materia de formación para a xuventude e na axuda inicial para persoas novas pescadoras

- 25868 - 21690 (10/PRE-005398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a seguridade viaria para ciclistas no proxecto de reforma e mellora da seguridade viaria na PO-308

- 25953 - 21905 (10/PRE-005409)

Grupo Parlamentario de En Marea

Barahona Martín, Magdalena

Sobre as modificacións de crédito para gastos de locomoción para acudir ás xuntanzas do grupo de traballo sobre a previsión do cadro macroeconómico das comunidades autónomas na AIReF (Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal) entre setembro e decembro de 2017

- 26114 - 12348 (10/PRE-005417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o modelo de xestión da lonxa de Ribeira

- 26162 - 13240 (10/PRE-005544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno sobre a implantación de cara á centralización e eficiencia dun plan piloto de servizos comúns procesuais

- 26112 - 13833 (10/PRE-005607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre o estado de saneamento das rías galegas

- 26347 - 13871 (10/PRE-005626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre os contactos entre a Consellería do Mar e os representantes das confrarías da ría de Arousa para tratar o restablecemento do control da ría e corrixir a deterioración dos bancos marisqueiros

- 26386 - 13890 (10/PRE-005635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a posibilidade de solicitarlle ao Goberno de España a modificación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar para incrementar o coeficiente reductor dos mariscadores

- 26345 - 13939 (10/PRE-005659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 7 máis

Sobre a consideración como una prioridade da formación dos profesionais implicados na atención ao conxunto de vítimas da violencia de xénero

- 26159 - 13989 (10/PRE-005678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre a falta de recoñecemento legal do dereito das persoas presas á asignación de avogado polo sistema de asistencia xurídica gratuíta para a defensa dos seus dereitos fronte á Administración penitenciaria

- 26158 - 14036 (10/PRE-005699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os bens inmoables inmatriculados a favor da Igrexa católica dende o ano 1998

- 26156 - 14047 (10/PRE-005704)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a petición ao Goberno do Estado da modificación da Lei do indulto de 1870 para prohibilo nos casos de corrupción

- 26235 - 14059 (10/PRE-005710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a intención do Goberno galego de instar o Goberno do Estado para que manteña todas as oficinas do Rexistro Civil que actualmente existen en Galicia

- 26154 - 14063 (10/PRE-005712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento en Galicia do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á ratio ideal por Fiscalía

- 26152 - 14072 (10/PRE-005716)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a intención do Goberno galego de reivindicar a ampliación do edificio actual dos xulgados de Vilagarcía de Arousa co fin de crear un novo xulgado e habilitar espazos para arquivo e calabozo

- 26231 - 14084 (10/PRE-005722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a contratación dunha empresa consultora para que elabore un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense

- 26150 - 14088 (10/PRE-005724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de expedientes transferidos, desde o inicio do proceso de modernización dixital, aos arquivos xudiciais territoriais das catro provincias galegas

- 26148 - 14111 (10/PRE-005734)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a situación laboral dos funcionarios e funcionarias da terceira planta da Audiencia Provincial de Pontevedra

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 242, do 18 de xaneiro de 2018, da admisión a trámite da pregunta oral en comisión doc. núm. 22495

Advertido un erro material na publicación no BOPG núm. 242, do 18 de xaneiro de 2018, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

Onde di:

«- 22495 (10/POC-003675)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas e as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo»

Debe dicir:

«- 22495 (10/POC-003675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas e as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo»

Santiago de Compostela, 9 de marzo 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1768** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da expulsión dun mozo paraguaio que residiu catorce anos en Santiago de Compostela, así como as medidas específicas desenvolvidas para a atención ás persoas estranxeiras”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, ademais de poñer a disposición das persoas inmigrantes os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas , como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade, dispón de medidas específicas para a súa inclusión e integración.

Concretamente, e co obxecto de aumentar a participación social e laboral das persoas inmigrantes, a Consellería de Política Social pon ao seu dispor unha serie de recursos que instrumenta a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual (unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais) que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.

Ademais, a Xunta colabora coas entidades que xestionan en Galicia o programa de reubicacións e reasentamentos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, facilitando o acceso aos servizos que precisan as persoas solicitantes de asilo e removendo os posibles atrancos que puideran xurdir na primeira acollida, entre os que destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores e o acceso as prestacións sanitarias.

No que respecta á deportación do mozo paraguaio mencionado na pregunta, unha vez cumprida a maioría de idade esta Administración carece de competencia. A autoridade xudicial é a encargada de determinar os motivos de incoación dos expedientes nestes casos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 9:44:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego en relación coa aplicación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) son competencia directa do Ministerio de Xustiza.

No ano 2011, durante o Goberno do Partido Socialista e por consenso unánime dos grupos parlamentarios, aprobouse a Lei 20/2011 de Rexistro Civil (cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata xuño de 2018).

Entre as principais características do modelo de Rexistro Civil aprobado pola Lei 20/2011, incluíronse:

- Un modelo desxudicializado dos rexistros civís, de maneira que os xuíces e xuízas deixan de ser os encargados do Rexistro Civil e estas funcións se lle encomendan a outro persoal cualificado da Administración.
- Con relación á organización das oficinas do Rexistro Civil, o modelo de 2011 estableceu 3 tipos: Oficina Central, Oficinas Xerais e Oficinas Consulares coa finalidade, segundo a súa propia exposición de motivos, de contemplar unha organización moito máis sinxela que a anterior. No que se refire ás oficinas xerais, o artigo 22 da Lei de 2011 determina que en cada comunidade autónoma ubicarase, polo menos, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia poderán crear nos seus respectivos ámbitos territoriais, ademais, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes. Ademais, establece que, excepcionalmente e por razón da singular distribución da poboación ou

características do territorio, poderanse crear outras tres Oficinas Xerais en cada comunidades autónoma.

- Con relación aos xulgados de paz, o modelo da Lei de 2011 indica que os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil nos xulgados de Paz.
- O modelo incide igualmente en configurar ao Rexistro Civil como unha base de datos única, que permite compaxinar a unidade de información coa xestión territorializada e a universalidade no acceso.

O Goberno galego considera que un principio esencial do Rexistro Civil é o carácter gratuíto da prestación deste servizo público, como se asegurou a través da Lei 18/2014 de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (onde se establece que a prestación do servizo público que constitúe o Rexistro Civil continuará a ser gratuíta, sen excepción de ningún tipo), circunstancia esta que non se mencionaba no texto primitivo da Lei 20/2011.

O Ministerio de Xustiza anunciou a intención de continuar coa desxudicialización do Rexistro Civil, se ben baixo a premisa de que o cambio de xestión non leve redución de emprego público e que o Rexistro Civil sexa dixital, público, gratuíto e próximo á cidadanía.

En definitiva, a Xunta de Galicia considera que cómpre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade deste servizo público e favorecendo que sexa prestado por persoal da administración de xustiza de acordo coas correspondentes relacións de posto de traballo .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:58:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7748**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do incremento efectivo dos medios humanos e materiais do Ministerio Fiscal, en especial os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, así como o cumprimento na actualidade do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, polo que se determina a estrutura e a organización da Oficina Fiscal en Galicia e da Unidade de Apoio á Fiscalía Superior”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O relevo de postos na organización do Ministerio Fiscal forma parte das decisións internas do Poder Xudicial. A motivación de nomeamentos e remudas corresponde ao ámbito interno da autoridade competente para facelos.

No que se refire ao artigo 324 da Lei de axuízamento criminal, dito articulo informa de que as dilixencias de instrución practícaranse durante o prazo máximo de seis meses desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas. Pero engade que, antes da expiración dese prazo, o instrutor -a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes- poderá declarar a instrución complexa cando, por circunstancias sobrevidas á investigación, esta non puidese completarse razoablemente no prazo estipulado ou concorreran algunhas das circunstancias previstas no apartado seguinte dese artigo.

Se a instrución é declarada complexa, o prazo pasa a ser de dezoito meses, que o instrutor da causa poderá prorrogar por igual prazo ou inferior (de novo, a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes).

En definitiva, isto permite que as actuacións complexas sexan obxecto de prórrogas ata acadar a súa fin, que non é outra que levar a xuízo, no seu caso, aos/ás presuntos/as criminais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 16:15:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8958**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a data prevista para a publicación do novo decreto da oficina xudicial de Galicia remitido no ano 2016 ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe, así como sobre as intencións do Goberno galego de encargar a unha empresa de consultoría un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense como experiencia piloto**”, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de setembro de 2017 publicouse o Decreto 87/2017 polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia, tras ter sido presentado ás organizacións sindicais máis representativas do sector da xustiza e estar dispoñible na páxina web www.xustiza.gal para coñecemento dos axentes implicados e de todos os interesados.

O modelo de oficina xudicial é flexible para poder adaptarse á realidade dos distintos partidos xudiciais. Por iso, o recurso a empresas expertas na materia foi a solución empregada por outras comunidades autónomas como Andalucía, Cataluña, ou o mesmo Ministerio de Xustiza -durante os anos de goberno do PSOE- nas primeiras implantacións que se levaron a cabo en partidos como o de Burgos, Murcia, Mérida ou Cuenca.

No caso de Ourense, realizouse unha análise de situación específica, que parte, ademais, do coñecemento de experiencias previas noutros territorios para aproveitar estas vantaxes.

O obxectivo é debullar as mellores solucións para a súa implementación co acordo de todos os sectores implicados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:58:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11079**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos implantados polo Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos, Galicia tense dotado dun marco normativo que afecta de xeito directo á prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos nas entidades dependentes do sector autonómico.

En primeiro lugar, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, recolle unha regulación do sector público autonómico que asegura que a actuación das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico se suxeite ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas. En todo caso, ademais, as entidades instrumentais, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico, como se deriva do artigo 2 da Lei.

A suxeición ao dereito administrativo no uso de potestades administrativas así, como o control, dependencia e tutela da administración xeral son unha garantía evidente no funcionamento destas entidades.

Neste sentido debe destacarse a completa regulación da Lei 16/2010 no seu Título III, réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico. Destaca, en particular a previsión da aplicación para a contratación destas entidades da lexislación de contratos do sector público (artigo 51), o que garante a aplicación da regulación legal relativa aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos

procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, así como a garantía, en conexión co el obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, á adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

Ademais, este texto normativo procedeu a ordenar e a sistematizar o conxunto de entidades instrumentais que conviven dentro do sector público galego, introducindo medidas tendentes a racionalizar e controlar a eficacia e a eficiencia das mesmas, entre as que se atopan, entre outras, os plans anuais de actuación, os contratos plurianuais de xestión ou as comisións respectivas de seguimento do cumprimento dos seus obxectivos.

Pola súa banda, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico.

En particular, esta Lei regula a racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico, a simplificación e racionalización administrativas e redución de cargas, así como a guía de procedementos e servizos, medias que contribúen ao control da actividade das entidades do sector público autonómico.

A lei recolle importantes medidas de racionalización como a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, de tal xeito que se recolle a regra de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Así, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

Para estes efectos téñense elaborado catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico. Para os medios e prestacións incluídos no catálogo, só se poderá acudir á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poderen ser cumpridamente satisfeitas por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público as necesidades que se pretenden cubrir, mediante algún dos procedementos de colaboración indicados nesta lei, pola insuficiencia, carencia ou inadecuación dos medios dos que dispoñan.

Estes aspectos deberán ser obxecto de xustificación nos expedientes de contratación nos termos previstos no artigo 33 desta lei.

En particular, inclúense nestes catálogos as prestacións de asistencia xurídica, control económico-financeiro, auditoría de contas ou de funcionamento, auditoría enerxética, avaliación de resultados, estatística, hixiene e saúde laboral, formación de persoal empregado público, administración electrónica e innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Todas estas medias fortalecen o control das entidades do sector público autonómico.

Con posterioridade, aprobouse A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que garante os dereitos que asisten a cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico galego e, en particular, regula os mecanismos que aseguran o cumprimento efectivo destes dereitos coa finalidade de garantir uns servizos públicos de calidade que sirvan con obxectividade aos intereses xerais. O seu ámbito de aplicación é o sector público autonómico, integrado, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais.

En particular a Lei recoñece o dereito da cidadanía a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia. Así mesmo, recolle que os cidadáns e as cidadás terán dereito a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, a través dos mecanismos deseñados para tal efecto, na procura dunha maior responsabilidade e calidade na prestación dos servizos públicos.

A Lei recoñece que a cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido.

En 2016 aprobouse a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que afonda no control das entidades dado que expresa que a asistencia xurídica será prestada pola Asesoría Xurídica Xeral á Administración xeral da Comunidade Autónoma e ao sector público autonómico de acordo co establecido nesta lei.

En particular, prevé que mediante a formalización do oportuno acordo de natureza xurídico-pública entre a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e o órgano competente da entidade asistida prestarase asistencia xurídica, nos termos que se establezan regulamentariamente, ás entidades pertencentes ao sector público autonómico. Prevé tamén que cando a asistencia xurídica ás entidades indicadas no punto anterior non sexa prestada pola Asesoría Xurídica Xeral ou asesorías xurídicas dependentes dela, os servizos xurídicos da entidade que a desenvolvan deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados daquela.

A prestación da asistencia xurídica pola Asesoría Xurídica Xeral ás entidades do sector público representa unha importante garantía de control do funcionamento destas entidades.

Así mesmo debe terse en conta o control no funcionamento das entidades do sector público o exercicio das funcións de control no aspecto económico financeiro o e orzamentario que se realizan a través da Intervención Xeral da Administración autonómica.

A Administración autonómica deberá tamén aterse á Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26-2-2014. Esta nova Lei entrará en vigor o día 9 de marzo de 2018.

A Lei introduce unha normativa especial relativa á loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e prever, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación.



Considerouse necesario esperar á aprobación definitiva da Lei para elaborar o plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico, deste modo poderá terse en conta nel a nova regulación legal e os avances que introduce na materia.

Este novo plan afondará no avanzado mediante o Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016, que tiña como obxectivo principal acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada desde o punto de vista da relación cos cidadáns/ás e as empresas. Un dos eixes do Plan estaba centrado precisamente na transparencia e no impulso das boas prácticas na actividade contractual que desenvolve a Xunta de Galicia que garantan o máximo control tanto interno como externo dos procedementos de contratación.

A intención da Xunta de Galicia é, polo tanto, unha vez aprobada a nova Lei de contratos do sector público, afondar na adopción de medidas que tendan a loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción nos procedementos de contratación e, polo tanto aprobar o novo plan antifraude na contratación pública plenamente adaptado ás disposicións da nova Lei, insistindo nas medidas de transparencia, boas prácticas e de control xa recollidas e implantadas no sector público autonómico no Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016.

Por último cómpre sinalar que, dentro das medidas que xa está preparando o Goberno galego atópanse unhas Directrices dos plans de prevención de riscos penais no sector público autonómico, en estudo pola Asesoría Xurídica Xeral.

Estas Directrices son consecuencia da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que establece no seu artigo 32, 'Prevención da corrupción':

'A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código penal con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará os organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos en dereito cando así o soliciten’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 9:32:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11991**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a realización de capeas non concellos de Valga e Moraña”**, (publicada no BOPG número 151 do 24 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia defende a plena liberdade de todas as persoas para elixir ir a todos aqueles espectáculos públicos ou actividades recreativas que contén co correspondente abeiro legal.

En todo caso, a realización deste tipo de espectáculos ou actividades insírese no exclusivo ámbito de decisión dos gobernos locais. Como non pode ser doutro xeito, a Xunta de Galicia debe amosar o máis escrupuloso respecto ao principio de autonomía local neste ámbito de decisión exclusivo dos concellos, sempre que estea suxeito ao cumprimento das esixencias legais que establece a normativa reguladora desta materia.

Con data do 2 de xullo de 2017, a xefatura territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Pontevedra resolveu autorizar a celebración dun festexo taurino popular consistente nunha solta de vaquiñas (non nunha capea) no lugar de Vilarello (Cordeiro) do Concello de Valga, considerando que no expediente constaba a documentación esixida nos artigos 28 e 91 do Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e dá nova redacción ao Regulamento de espectáculos taurinos, así como a resolución municipal no que atinxe á instalación da praza portátil para a celebración do devandito espectáculo. Do mesmo xeito, recibíuse a solicitude dunha asociación para a autorización doutra solta de vaquiñas nunha praza de touros portátil no campo das festas de Santa Xusta de Moraña o día 3 de setembro de 2017, solicitude da que desistiu a entidade organizadora.

Por outra banda, a Xunta de Galicia non ten concedido subvención ou axuda ningunha destinada ao financiamento de espectáculos ou festexos taurinos.

Polo que atinxe á actuación da UPA, cómpre sinalar que esta unidade denuncia aquelas condutas que poidan tipificarse como maltrato animal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 9:02:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12346**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o modelo de xestión da lonxa de Ribeira**”, (publicada no BOPG número 153 do 27 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A nova lonxa de Ribeira está a funcionar dende o pasado mes de agosto en plenas condicións de normalidade e sen que dende Portos de Galicia se teñan detectado incidencias de envergadura na prestación do servizo de explotación desta infraestrutura que leva a cabo a UTE Lonxa de Ribeira, concesionaria da mesma.

Cómpre recordar que durante todo o proceso para o outorgamento da autorización administrativa correspondente para a explotación do novo edificio, Portos de Galicia e concretamente a súa directiva, mantivo un contacto directo co sector e os traballadores e empresas que operan na lonxa, así como cos actuais xestores e, nomeadamente a Confraría de Pescadores. Por este motivo, Portos de Galicia coñece de xeito detallado e riguroso o funcionamento da lonxa e as necesidades plantexadas polos seus usuarios e está a dar resposta a elas, proba do cal é o feito de que a actividade estase a desenvolver con absoluta normalidade. En canto á xestión diaria, como é sabido, corresponde non directamente ao ente público senón a unha unión temporal de empresas que resultou concesionaria por concurso público, a citada UTE Lonxa de Ribeira.

Polo que respecta ás taxas aplicadas por Portos de Galicia son as que se recollen na Lei de Taxas da comunidade autónoma aprobada polo Parlamento de Galicia, sen excepción discrecional algunha, como non pode ser doutro xeito. Dende a propia concesionaria tense

clarexado a este respecto que os armadores manteñen as taxas que viñan pagando con anterioridade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 14:07:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 13:05
Nº Rexistro: 26005

Data envío: 12/02/2018 13:05:19.391

Data 12/02/2018 13:05

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3066**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego respecto do custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 17 de marzo de 2017 polo Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 3065.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:05:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3675** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“as medidas específicas desenvolvidas polo Goberno galego de atención ás persoas inmigrantes”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, ademais de poñer a disposición das persoas inmigrantes os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas , como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade, dispón de medidas específicas para a súa inclusión e integración.

Concretamente, e co obxecto de aumentar a participación social e laboral das persoas inmigrantes, a Consellería de Política Social pon ao seu dispor unha serie de recursos que instrumenta a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual (unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais) que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.

Ademais, a Xunta colabora coas entidades que xestionan en Galicia o programa de reubicacións e reasentamentos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, facilitando o acceso aos servizos que precisan as persoas solicitantes de asilo e removendo os posibles atrancos que puideran xurdir na primeira acollida, entre os que destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores e o acceso as prestacións sanitarias.

No que respecta á deportación do mozo paraguaio mencionado na pregunta, unha vez cumprida a maioría de idade esta Administración carece de competencia. A autoridade xudicial é a encargada de determinar os motivos de incoación dos expedientes nestes casos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 9:44:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **7563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o mantemento de todas as oficinas do Rexistro Civil en Galicia**”, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) son competencia directa do Ministerio de Xustiza.

No ano 2011, durante o Goberno do Partido Socialista e por consenso unánime dos grupos parlamentarios, aprobouse a Lei 20/2011 de Rexistro Civil (cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata xuño de 2018).

Entre as principais características do modelo de Rexistro Civil aprobado pola Lei 20/2011, incluíronse:

- Un modelo desxudicializado dos rexistros civís, de maneira que os xuíces e xuízas deixan de ser os encargados do Rexistro Civil e estas funcións se lle encomendan a outro persoal cualificado da Administración.
- Con relación á organización das oficinas do Rexistro Civil, o modelo de 2011 estableceu 3 tipos: Oficina Central, Oficinas Xerais e Oficinas Consulares coa finalidade, segundo a súa propia exposición de motivos, de contemplar unha organización moito máis sinxela que a anterior. No que se refire ás oficinas xerais, o artigo 22 da Lei de 2011 determina que en cada comunidade autónoma ubicarase, polo menos, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia poderán crear nos seus respectivos ámbitos territoriais, ademais, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes. Ademais, establece que, excepcionalmente e por razón da singular distribución da poboación ou características do territorio, poderanse crear outras tres Oficinas Xerais en cada comunidades autónoma.

- Con relación aos xulgados de paz, o modelo da Lei de 2011 indica que os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil nos xulgados de Paz.
- O modelo incide igualmente en configurar ao Rexistro Civil como unha base de datos única, que permite compaxinar a unidade de información coa xestión territorializada e a universalidade no acceso.

O Goberno galego considera que un principio esencial do Rexistro Civil é o carácter gratuíto da prestación deste servizo público, como se asegurou a través da Lei 18/2014 de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (onde se establece que a prestación do servizo público que constitúe o Rexistro Civil continuará a ser gratuíta, sen excepción de ningún tipo), circunstancia esta que non se mencionaba no texto primitivo da Lei 20/2011.

O Ministerio de Xustiza anunciou a intención de continuar coa desxudicialización do Rexistro Civil, se ben baixo a premisa de que o cambio de xestión non leve redución de emprego público e que o Rexistro Civil sexa dixital, público, gratuíto e próximo á cidadanía.

En definitiva, a Xunta de Galicia considera que cómpre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade deste servizo público e favorecendo que sexa prestado por persoal da administración de xustiza de acordo coas correspondentes relacións de posto de traballo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:58:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7738**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de consolidar un sistema de investigación de calidade sen a participación activa do persoal investigador no seu deseño**”, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia redactou un proxecto de decreto de contratación de persoal investigador que permitirá conceder estabilidade a este persoal cunha regulación transversal que se aplicará en todas as áreas de investigación da Administración autonómica. Este borrador do decreto foi tratado na Comisión de Persoal e só tivo o voto en contra dun dos catro sindicatos con representación na mesa.

Algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se incluía a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, debemos sinalar que malia que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inquedanzas do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da Ley de la Ciencia y Tecnología nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:05:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7745**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento na actualidade do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, polo que se determina a estrutura e a organización da Oficina Fiscal en Galicia e da Unidade de Apoio á Fiscalía Superior”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O relevo de postos na organización do Ministerio Fiscal forma parte das decisións internas do Poder Xudicial. A motivación de nomeamentos e remudas corresponde ao ámbito interno da autoridade competente para facelos.

No que se refire ao artigo 324 da Lei de axuízamento criminal, dito articulo informa de que as dilixencias de instrución practícaranse durante o prazo máximo de seis meses desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas. Pero engade que, antes da expiración dese prazo, o instrutor -a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes- poderá declarar a instrución complexa cando, por circunstancias sobrevidas á investigación, esta non puidese completarse razoablemente no prazo estipulado ou concorrán algunhas das circunstancias previstas no apartado seguinte dese artigo.

Se a instrución é declarada complexa, o prazo pasa a ser de dezoito meses, que o instrutor da causa poderá prorrogar por igual prazo ou inferior (de novo, a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes).

En definitiva, isto permite que as actuacións complexas sexan obxecto de prórrogas ata acadar a súa fin, que non é outra que levar a xuízo, no seu caso, aos/ás presuntos/as criminais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:01:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7736**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego en relación cos axustes que se deben realizar na política pesqueira común cando o Reino Unido abandone de xeito efectivo a Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que este asunto xa foi contestado na sesión plenaria do 9 de maio de 2017, no Parlamento de Galicia, a través dunha comparecencia a petición propia da titular deste Departamento, para informar sobre o posible impacto do Brexit no sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova conxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 14:08:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25885

Data envío: 08/02/2018 18:50:34.682

Data 08/02/2018 18:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7778**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as conclusións do informe elaborado polo grupo de traballo constituído polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o 061 e a Consellería do Mar co fin de complementar as propostas trasladadas por Galicia á Unión Europea en relación coas caixas de primeiros auxilios exixidas nas embarcacións pesqueiras da frota de baixura”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 12.09.2017- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 12796 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:50:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7790** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a redacción que presenta o borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia redactou un proxecto de decreto de contratación de persoal investigador que permitirá conceder estabilidade a este persoal cunha regulación transversal que se aplicará en todas as áreas de investigación da Administración autonómica. Este borrador do decreto foi tratado na Comisión de Persoal e só tivo o voto en contra dun dos catro sindicatos con representación na mesa.

Algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se incluía a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, debemos sinalar que malia que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inquedanzas do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da Ley de la Ciencia y Tecnología nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:02:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7800**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da revisión do borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de considerar as principais inquedanzas do colectivo de investigadores”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se inclúe a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. O que non se fai é negociar, como vostedes poderían comprender, con cada un dos traballadores afectados nun tema xeral como pode ser este e menos facer un referendo para determinar cal é a opinión maioritaria

paxina 1 de 2

sobre o tema. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, indicar que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inquiredanzas do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da Ley de la Ciencia y Tecnología nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:04:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8956**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a contratación dunha empresa de consultoría para a realización dun estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense como experiencia piloto”**, (publicada no BOPG número 115 do 18 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de setembro de 2017 publicouse o Decreto 87/2017 polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia, tras ter sido presentado ás organizacións sindicais máis representativas do sector da xustiza e estar dispoñible na páxina web www.xustiza.gal para coñecemento dos axentes implicados e de todos os interesados.

O modelo de oficina xudicial é flexible para poder adaptarse á realidade dos distintos partidos xudiciais. Por iso, o recurso a empresas expertas na materia foi a solución empregada por outras comunidades autónomas como Andalucía, Cataluña, ou o mesmo Ministerio de Xustiza -durante os anos de goberno do PSOE- nas primeiras implantacións que se levaron a cabo en partidos como o de Burgos, Murcia, Mérida ou Cuenca.

No caso de Ourense, realizouse unha análise de situación específica, que parte, ademais, do coñecemento de experiencias previas noutros territorios para aproveitar estas vantaxes.

O obxectivo é debullar as mellores solucións para a súa implementación co acordo de todos os sectores implicados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 9:05:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25883

Data envío: 08/02/2018 18:50:15.150

Data 08/02/2018 18:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9612**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a valoración polo goberno de Galicia da evolución do sector da conserva durante o ano 2016”**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 28.09.2017- ao darlle resposta á pregunta 12801 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:50:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25954

Data envío: 09/02/2018 14:30:54.925

Data 09/02/2018 14:30

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10335** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego destinadas a atender as necesidades das persoas e colectivos afectados pola venda do Banco Popular Pastor”**, (publicada no BOPG número 132 do 6 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Xunta non ten ningunha competencia sobre esta operación, xa que tanto o Banco Santander como o Banco Popular son dúas entidades que operan no conxunto do territorio español.

Dende o primeiro momento que se coñeceu a venda do Banco Popular, a Xunta de Galicia mostrou a súa preocupación por unha decisión que en conxunto, consideraba que non era unha boa noticia para Galicia. Había tres preocupacións fundamentais para o Goberno galego que eran os depositantes, o emprego e os pequenos accionistas.

O Presidente da Xunta, en sede parlamentaria, comprometeuse a que o Goberno galego seguiría polo miúdo a situación dos empregados galegos e as súas familias, así como da situación dos pequenos accionistas.

O Banco Santander abriu vías para compensar a determinados accionistas do Banco Popular a través do bono de fidelización.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 717643a7-4a49-58e4-8cb1-d2665927ab91

Coa operación de compra e tal e como ten manifestado o Goberno de España, todos os clientes do Banco Popular viron garantidos os seus aforros e depósitos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 14:30:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10602**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego en relación á actuación da fiscalía en Ourense”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Poder Xudicial constitúese como un poder propio e independente no noso marco normativo, dentro do que se incardina o Ministerio Fiscal.

A actuación do Ministerio Fiscal está orientada polos principios de legalidade e imparcialidade (artigo 124.2 da Constitución Española). As súas posicións nun caso concreto poden ser discutidas e confrontadas polas partes procesuais presentadas, sendo en última instancia o xuíz quen decide a controversia, decisión xudicial que tamén se pode cuestionar a través do sistema de recursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 9:04:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11067**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos implantados polo Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico”**, (publicada no BOPG número 140 do 5 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos, Galicia tense dotado dun marco normativo que afecta de xeito directo á prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos nas entidades dependentes do sector autonómico.

En primeiro lugar, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, recolle unha regulación do sector público autonómico que asegura que a actuación das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico se suxeite ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas. En todo caso, ademais, as entidades instrumentais, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico, como se deriva do artigo 2 da Lei.

A suxeición ao dereito administrativo no uso de potestades administrativas así, como o control, dependencia e tutela da administración xeral son unha garantía evidente no funcionamento destas entidades.

Neste sentido debe destacarse a completa regulación da Lei 16/2010 no seu Título III, réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico. Destaca, en particular a previsión da aplicación para a contratación destas entidades da lexislación de contratos do

sector público (artigo 51), o que garante a aplicación da regulación legal relativa aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, así como a garantía, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, á adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

Ademais, este texto normativo procedeu a ordenar e a sistematizar o conxunto de entidades instrumentais que conviven dentro do sector público galego, introducindo medidas tendentes a racionalizar e controlar a eficacia e a eficiencia das mesmas, entre as que se atopan, entre outras, os plans anuais de actuación, os contratos plurianuais de xestión ou as comisións respectivas de seguimento do cumprimento dos seus obxectivos.

Pola súa banda, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico.

En particular, esta Lei regula a racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico, a simplificación e racionalización administrativas e redución de cargas, así como a guía de procedementos e servizos, medias que contribúen ao control da actividade das entidades do sector público autonómico.

A lei recolle importantes medidas de racionalización como a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, de tal xeito que se recolle a regra de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Así, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración



e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

Para estes efectos téñense elaborado catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico. Para os medios e prestacións incluídos no catálogo, só se poderá acudir á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poderen ser cumpridamente satisfeitas por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público as necesidades que se pretenden cubrir, mediante algún dos procedementos de colaboración indicados nesta lei, pola insuficiencia, carencia ou inadecuación dos medios dos que dispoñan.

Estes aspectos deberán ser obxecto de xustificación nos expedientes de contratación nos termos previstos no artigo 33 desta lei.

En particular, inclúense nestes catálogos as prestacións de asistencia xurídica, control económico-financeiro, auditoría de contas ou de funcionamento, auditoría enerxética, avaliación de resultados, estatística, hixiene e saúde laboral, formación de persoal empregado público, administración electrónica e innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Todas estas medias fortalecen o control das entidades do sector público autonómico.

Con posterioridade, aprobouse A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que garante os dereitos que asisten a cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico galego e, en particular, regula os mecanismos que aseguran o cumprimento efectivo destes dereitos coa finalidade de garantir uns servizos públicos de calidade que sirvan con obxectividade aos intereses xerais. O seu ámbito de aplicación é o sector público autonómico, integrado, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais.

En particular a Lei recoñece o dereito da cidadanía a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia. Así mesmo, recolle que os cidadáns e as cidadás terán dereito a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, a través dos mecanismos deseñados para tal efecto, na procura dunha maior responsabilidade e calidade na prestación dos servizos públicos.

A Lei recoñece que a cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido.

En 2016 aprobouse a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que afonda no control das entidades dado que expresa que a asistencia xurídica será prestada pola Asesoría Xurídica Xeral á Administración xeral da Comunidade Autónoma e ao sector público autonómico de acordo co establecido nesta lei.

En particular, prevé que mediante a formalización do oportuno acordo de natureza xurídico-pública entre a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e o órgano competente da entidade asistida prestarase asistencia xurídica, nos termos que se establezan regulamentariamente, ás entidades pertencentes ao sector público autonómico. Prevé tamén que cando a asistencia xurídica ás entidades indicadas no punto anterior non sexa prestada pola Asesoría Xurídica Xeral ou asesorías xurídicas dependentes dela, os servizos xurídicos da entidade que a desenvolvan deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados daquela.

A prestación da asistencia xurídica pola Asesoría Xurídica Xeral ás entidades do sector público representa unha importante garantía de control do funcionamento destas entidades.

Así mesmo debe terse en conta o control no funcionamento das entidades do sector público o exercicio das funcións de control no aspecto económico financeiro o e orzamentario que se realizan a través da Intervención Xeral da Administración autonómica.

A Administración autonómica deberá tamén aterse á Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do



Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26-2-2014. Esta nova Lei entrará en vigor o día 9 de marzo de 2018.

A Lei introduce unha normativa especial relativa á loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e prever, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación.

Considerouse necesario esperar á aprobación definitiva da Lei para elaborar o plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico, deste modo poderá terse en conta nel a nova regulación legal e os avances que introduce na materia.

Este novo plan afondará no avanzado mediante o Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016, que tiña como obxectivo principal acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada desde o punto de vista da relación cos cidadáns/ás e as empresas. Un dos eixes do Plan estaba centrado precisamente na transparencia e no impulso das boas prácticas na actividade contractual que desenvolve a Xunta de Galicia que garantan o máximo control tanto interno como externo dos procedementos de contratación.

A intención da Xunta de Galicia é, polo tanto, unha vez aprobada a nova Lei de contratos do sector público, afondar na adopción de medidas que tendan a loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción nos procedementos de contratación e, polo tanto aprobar o novo plan antifraude na contratación pública plenamente adaptado ás disposicións da nova Lei, insistindo nas medidas de transparencia, boas prácticas e de control xa recollidas e implantadas no sector público autonómico no Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016.

Por último cómpre sinalar que, dentro das medidas que xa está preparando o Goberno galego atópanse unhas Directrices dos plans de prevención de riscos penais no sector público autonómico, en estudo pola Asesoría Xurídica Xeral.

Estas Directrices son consecuencia da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que establece no seu artigo 32, 'Prevención da corrupción':

'A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código penal con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará os organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos en dereito cando así o soliciten'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 9:33:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **3635** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da expulsión dun mozo paraguaio que residiu catorce anos en Santiago de Compostela, así como as medidas específicas desenvolvidas para a atención ás persoas estranxeiras”**, (publicada no BOPG número 55 do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, ademais de poñer a disposición das persoas inmigrantes os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas , como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade, dispón de medidas específicas para a súa inclusión e integración.

Concretamente, e co obxecto de aumentar a participación social e laboral das persoas inmigrantes, a Consellería de Política Social pon ao seu dispor unha serie de recursos que instrumenta a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual (unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais) que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.

Ademais, a Xunta colabora coas entidades que xestionan en Galicia o programa de reubicacións e reasentamentos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, facilitando o acceso aos servizos que precisan as persoas solicitantes de asilo e removendo os posibles atrancos que puideran xurdir na primeira acollida, entre os que destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores e o acceso as prestacións sanitarias.

No que respecta á deportación do mozo paraguaio mencionado na pregunta, unha vez cumprida a maioría de idade esta Administración carece de competencia. A autoridade xudicial é a encargada de determinar os motivos de incoación dos expedientes nestes casos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 9:45:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7564**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego en relación coa aplicación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) son competencia directa do Ministerio de Xustiza.

No ano 2011, durante o Goberno do Partido Socialista e por consenso unánime dos grupos parlamentarios, aprobouse a Lei 20/2011 de Rexistro Civil (cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata xuño de 2018).

Entre as principais características do modelo de Rexistro Civil aprobado pola Lei 20/2011, incluíronse:

- Un modelo desxudicializado dos rexistros civís, de maneira que os xuíces e xuízas deixan de ser os encargados do Rexistro Civil e estas funcións se lle encomendan a outro persoal cualificado da Administración.
- Con relación á organización das oficinas do Rexistro Civil, o modelo de 2011 estableceu 3 tipos: Oficina Central, Oficinas Xerais e Oficinas Consulares coa finalidade, segundo a súa propia exposición de motivos, de contemplar unha organización moito máis sinxela que a anterior. No que se refire ás oficinas xerais, o artigo 22 da Lei de 2011 determina que en cada comunidade autónoma ubicarase, polo menos, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia poderán crear nos seus respectivos ámbitos territoriais, ademais, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes. Ademais, establece que, excepcionalmente e por razón da singular distribución da poboación ou características do territorio, poderanse crear outras tres Oficinas Xerais en cada comunidades autónoma.

- Con relación aos xulgados de paz, o modelo da Lei de 2011 indica que os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil nos xulgados de Paz.
- O modelo incide igualmente en configurar ao Rexistro Civil como unha base de datos única, que permite compaxinar a unidade de información coa xestión territorializada e a universalidade no acceso.

O Goberno galego considera que un principio esencial do Rexistro Civil é o carácter gratuíto da prestación deste servizo público, como se asegurou a través da Lei 18/2014 de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (onde se establece que a prestación do servizo público que constitúe o Rexistro Civil continuará a ser gratuíta, sen excepción de ningún tipo), circunstancia esta que non se mencionaba no texto primitivo da Lei 20/2011.

O Ministerio de Xustiza anunciou a intención de continuar coa desxudicialización do Rexistro Civil, se ben baixo a premisa de que o cambio de xestión non leve redución de emprego público e que o Rexistro Civil sexa dixital, público, gratuíto e próximo á cidadanía.

En definitiva, a Xunta de Galicia considera que cómpre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade deste servizo público e favorecendo que sexa prestado por persoal da administración de xustiza de acordo coas correspondentes relacións de posto de traballo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:58:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7746**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do incremento efectivo dos medios humanos e materiais do Ministerio Fiscal, en especial os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, así como o cumprimento na actualidade do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, polo que se determina a estrutura e a organización da Oficina Fiscal en Galicia e da Unidade de Apoio á Fiscalía Superior”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O relevo de postos na organización do Ministerio Fiscal forma parte das decisións internas do Poder Xudicial. A motivación de nomeamentos e remudas corresponde ao ámbito interno da autoridade competente para facelos.

No que se refire ao artigo 324 da Lei de axuízamento criminal, dito articulo informa de que as dilixencias de instrución practícaranse durante o prazo máximo de seis meses desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas. Pero engade que, antes da expiración dese prazo, o instrutor -a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes- poderá declarar a instrución complexa cando, por circunstancias sobrevidas á investigación, esta non puidese completarse razoablemente no prazo estipulado ou concorran algunhas das circunstancias previstas no apartado seguinte dese artigo.

Se a instrución é declarada complexa, o prazo pasa a ser de dezaioito meses, que o instrutor da causa poderá prorrogar por igual prazo ou inferior (de novo, a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes).

En definitiva, isto permite que as actuacións complexas sexan obxecto de prórrogas ata acadar a súa fin, que non é outra que levar a xuízo, no seu caso, aos/ás presuntos/as criminais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:01:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7788** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a redacción que presenta o borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia redactou un proxecto de decreto de contratación de persoal investigador que permitirá conceder estabilidade a este persoal cunha regulación transversal que se aplicará en todas as áreas de investigación da Administración autonómica. Este borrador do decreto foi tratado na Comisión de Persoal e só tivo o voto en contra dun dos catro sindicatos con representación na mesa.

Algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se incluía a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, debemos sinalar que malia que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inquiredanzas do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da Ley de la Ciencia y Tecnología nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:03:03



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8957, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a data prevista para a publicación do novo decreto da oficina xudicial de Galicia remitido no ano 2016 ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe, así como sobre as intencións do Goberno galego de encargar a unha empresa de consultoría un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense como experiencia piloto”, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de setembro de 2017 publicouse o Decreto 87/2017 polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia, tras ter sido presentado ás organizacións sindicais máis representativas do sector da xustiza e estar dispoñible na páxina web www.xustiza.gal para coñecemento dos axentes implicados e de todos os interesados.

O modelo de oficina xudicial é flexible para poder adaptarse á realidade dos distintos partidos xudiciais. Por iso, o recurso a empresas expertas na materia foi a solución empregada por outras comunidades autónomas como Andalucía, Cataluña, ou o mesmo Ministerio de Xustiza -durante os anos de goberno do PSOE- nas primeiras implantacións que se levaron a cabo en partidos como o de Burgos, Murcia, Mérida ou Cuenca.

No caso de Ourense, realizouse unha análise de situación específica, que parte, ademais, do coñecemento de experiencias previas noutros territorios para aproveitar estas vantaxes. O obxectivo é debullar as mellores solucións para a súa implementación co acordo de todos os sectores implicados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 9:05:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **11064**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos implantados polo Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos, Galicia tense dotado dun marco normativo que afecta de xeito directo á prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos nas entidades dependentes do sector autonómico.

En primeiro lugar, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, recolle unha regulación do sector público autonómico que asegura que a actuación das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico se suxeite ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas. En todo caso, ademais, as entidades instrumentais, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico, como se deriva do artigo 2 da Lei.

A suxeición ao dereito administrativo no uso de potestades administrativas así, como o control, dependencia e tutela da administración xeral son unha garantía evidente no funcionamento destas entidades.

Neste sentido debe destacarse a completa regulación da Lei 16/2010 no seu Título III, réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico. Destaca, en particular a previsión da aplicación para a contratación destas entidades da lexislación de contratos do

sector público (artigo 51), o que garante a aplicación da regulación legal relativa aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, así como a garantía, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, á adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

Ademais, este texto normativo procedeu a ordenar e a sistematizar o conxunto de entidades instrumentais que conviven dentro do sector público galego, introducindo medidas tendentes a racionalizar e controlar a eficacia e a eficiencia das mesmas, entre as que se atopan, entre outras, os plans anuais de actuación, os contratos plurianuais de xestión ou as comisións respectivas de seguimento do cumprimento dos seus obxectivos.

Pola súa banda, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico.

En particular, esta Lei regula a racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico, a simplificación e racionalización administrativas e redución de cargas, así como a guía de procedementos e servizos, medias que contribúen ao control da actividade das entidades do sector público autonómico.

A lei recolle importantes medidas de racionalización como a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, de tal xeito que se recolle a regra de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Así, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración



e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

Para estes efectos téñense elaborado catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico. Para os medios e prestacións incluídos no catálogo, só se poderá acudir á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poderen ser cumpridamente satisfeitas por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público as necesidades que se pretenden cubrir, mediante algún dos procedementos de colaboración indicados nesta lei, pola insuficiencia, carencia ou inadecuación dos medios dos que dispoñan.

Estes aspectos deberán ser obxecto de xustificación nos expedientes de contratación nos termos previstos no artigo 33 desta lei.

En particular, inclúense nestes catálogos as prestacións de asistencia xurídica, control económico-financeiro, auditoría de contas ou de funcionamento, auditoría enerxética, avaliación de resultados, estatística, hixiene e saúde laboral, formación de persoal empregado público, administración electrónica e innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Todas estas medias fortalecen o control das entidades do sector público autonómico.

Con posterioridade, aprobouse A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que garante os dereitos que asisten a cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico galego e, en particular, regula os mecanismos que aseguran o cumprimento efectivo destes dereitos coa finalidade de garantir uns servizos públicos de calidade que sirvan con obxectividade aos intereses xerais. O seu ámbito de aplicación é o sector público autonómico, integrado, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais.

En particular a Lei recoñece o dereito da cidadanía a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia. Así mesmo, recolle que os cidadáns e as cidadás terán dereito a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, a través dos mecanismos deseñados para tal efecto, na procura dunha maior responsabilidade e calidade na prestación dos servizos públicos.

A Lei recoñece que a cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido.

En 2016 aprobouse a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que afonda no control das entidades dado que expresa que a asistencia xurídica será prestada pola Asesoría Xurídica Xeral á Administración xeral da Comunidade Autónoma e ao sector público autonómico de acordo co establecido nesta lei.

En particular, prevé que mediante a formalización do oportuno acordo de natureza xurídico-pública entre a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e o órgano competente da entidade asistida prestarase asistencia xurídica, nos termos que se establezan regulamentariamente, ás entidades pertencentes ao sector público autonómico. Prevé tamén que cando a asistencia xurídica ás entidades indicadas no punto anterior non sexa prestada pola Asesoría Xurídica Xeral ou asesorías xurídicas dependentes dela, os servizos xurídicos da entidade que a desenvolvan deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados daquela.

A prestación da asistencia xurídica pola Asesoría Xurídica Xeral ás entidades do sector público representa unha importante garantía de control do funcionamento destas entidades.

Así mesmo debe terse en conta o control no funcionamento das entidades do sector público o exercicio das funcións de control no aspecto económico financeiro o e orzamentario que se realizan a través da Intervención Xeral da Administración autonómica.

A Administración autonómica deberá tamén aterse á Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do



Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26-2-2014. Esta nova Lei entrará en vigor o día 9 de marzo de 2018.

A Lei introduce unha normativa especial relativa á loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e prever, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación.

Considerouse necesario esperar á aprobación definitiva da Lei para elaborar o plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico, deste modo poderá terse en conta nel a nova regulación legal e os avances que introduce na materia.

Este novo plan afondará no avanzado mediante o Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016, que tiña como obxectivo principal acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada desde o punto de vista da relación cos cidadáns/ás e as empresas. Un dos eixes do Plan estaba centrado precisamente na transparencia e no impulso das boas prácticas na actividade contractual que desenvolve a Xunta de Galicia que garantan o máximo control tanto interno como externo dos procedementos de contratación.

A intención da Xunta de Galicia é, polo tanto, unha vez aprobada a nova Lei de contratos do sector público, afondar na adopción de medidas que tendan a loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción nos procedementos de contratación e, polo tanto aprobar o novo plan antifraude na contratación pública plenamente adaptado ás disposicións da nova Lei, insistindo nas medidas de transparencia, boas prácticas e de control xa recollidas e implantadas no sector público autonómico no Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016.

Por último cómpre sinalar que, dentro das medidas que xa está preparando o Goberno galego atópanse unhas Directrices dos plans de prevención de riscos penais no sector público autonómico, en estudo pola Asesoría Xurídica Xeral.

Estas Directrices son consecuencia da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que establece no seu artigo 32, 'Prevenición da corrupción':

'A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código penal con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará os organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos en dereito cando así o soliciten'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 9:33:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25955

Data envío: 09/02/2018 14:31:05.034

Data 09/02/2018 14:30

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10206** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a perda de postos de traballo derivada da operación de venda do Banco Popular, así como a exclusión financeira que pode xerar en numerosas vilas e cidades, a súa opinión en relación coa concentración do 80% do mercado en mans de dúas entidades e as súas previsións respecto da solicitude dunha investigación ao Banco de España para aclarar a actuación dos organismos supervisores”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Xunta non ten ningún tipo de competencia sobre esta operación, xa que tanto o Banco Santander como o Banco Popular son dúas entidades que operan no conxunto do territorio español.

Dende o primeiro momento que se coñeceu a venda do Banco Popular, a Xunta de Galicia mostrou a súa preocupación por unha decisión que, en conxunto, consideraba que non era unha boa noticia para Galicia. Había tres preocupacións fundamentais para o Goberno galego que eran os depositantes, o emprego e os pequenos accionistas.

O Presidente da Xunta, en sede parlamentaria, comprometeuse a que o Goberno galego seguiría polo miúdo a situación dos empregados galegos e as súas familias, así como da situación dos pequenos accionistas.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 796e6e21-bb01-46c2-92d8-e049ef759da2

En canto a reestruturación bancaria, en toda España produciuse na última década unha importante reestruturación do sector financeiro, o que provocou unha redución do número de entidades bancarias que operaban en España e tamén a práctica desaparición das caixas de aforros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 14:31:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25956

Data envío: 09/02/2018 14:31:38.956

Data 09/02/2018 14:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10336** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego destinadas a atender as necesidades das persoas e colectivos afectados pola venda do Banco Popular Pastor”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Xunta non ten ningunha competencia sobre esta operación, xa que tanto o Banco Santander como o Banco Popular son dúas entidades que operan no conxunto do territorio español.

Dende o primeiro momento que se coñeceu a venda do Banco Popular, a Xunta de Galicia mostrou a súa preocupación por unha decisión que en conxunto, consideraba que non era unha boa noticia para Galicia. Había tres preocupacións fundamentais para o Goberno galego que eran os depositantes, o emprego e os pequenos accionistas.

O Presidente da Xunta, en sede parlamentaria, comprometeuse a que o Goberno galego seguiría polo miúdo a situación dos empregados galegos e as súas familias, así como da situación dos pequenos accionistas.

O Banco Santander abriu vías para compensar a determinados accionistas do Banco Popular a través do bono de fidelización.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 3b6ee335-58d9-d524-b3c6-3c64ed031285

Coa operación de compra e tal e como ten manifestado o Goberno de España, todos os clientes do Banco Popular viron garantidos os seus aforros e depósitos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 14:31:34



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6423**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia dun informe en relación coas actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao impulso dunha negociación colectiva de ámbito galego co obxectivo de acadar a igualdade salarial efectiva entre mulleres e homes no ano 2020, así como as xestións levadas a cabo ante o Goberno central para o impulso dunha lei de igualdade retributiva.”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Segundo a información recibida, continúa os traballos entre os interlocutores sociais no seo do Consello Galego de Relacións Laborais para a posta en práctica do acordo adoptado polo Parlamento de Galicia para promover a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva.

En todo caso, cómpre recordar que a igualdade de xénero no eido laboral é unha prioridade para a Xunta, que ten en marcha o programa Emprega en Feminino, unha nova estratexia dotada con 100 millóns ata 2020 para impulsar o papel da muller no

mercado laboral, con propostas innovadoras que faciliten a súa incorporación profesional, o seu desenvolvemento, a igualdade na empresa e o emprendemento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:03:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 6889**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a nova sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa anulación do concurso eólico**”, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao que se refire a pregunta parlamentaria o que fai é obrigar á Administración galega a facer fronte aos gastos administrativos nos que tivo que incurrir a empresa para presentar a súa oferta no concurso do Goberno bipartito, tal e como se establece na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créase o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, concretamente na súa disposición transitoria primeira (punto catro).

Por outra banda, sinalar que o Goberno galego está a marcar unha senda para este sector tendo en conta que, coas poxas de renovables que se celebraron nos meses de maio e xullo, se impulsará a execución de proxectos de enerxías renovables.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 9:03:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7739**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proceso de elaboración do novo decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, as consecuencias da redacción que presenta para a situación laboral e profesional das persoas afectadas, así como para o desenvolvemento e consolidación de proxectos e equipos de investigación, e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia redactou un proxecto de decreto de contratación de persoal investigador que permitirá conceder estabilidade a este persoal cunha regulación transversal que se aplicará en todas as áreas de investigación da Administración autonómica. Este borrador do decreto foi tratado na Comisión de Persoal e só tivo o voto en contra dun dos catro sindicatos con representación na mesa.

Algunhas das alegacións formuladas ao proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma, por exemplo, polo colectivo de investigadores do programa Isidro Parga Pondal, foron aceptadas, de feito se incluía a posibilidade de prórroga dos contratos e foron eliminadas as avaliacións pauper, malus, bonus ou eminens; así mesmo, para a redacción do proxecto contouse coa colaboración de persoal investigador.

Tamén foron aceptadas alegacións das Organizacións Sindicais con representación na Comisión de Persoal, de feito, na xuntanza celebrada o pasado 28 de marzo de 2017, o proxecto de Decreto tivo o voto a favor de UGT, a abstención de CC.OO e CSI-F e o voto en contra de CIG (por exemplo como consecuencia das alegacións sindicais modificouse o

prazo previsto no artigo 7.2 e se modificou o artigo 27 de xeito que agora as avaliacións serán sempre motivadas).

Cómpre lembrar que os traballadores están representados polas organizacións sindicais do sector no que se negocian as cuestións de persoal e este tema negociouse con CIG, CCOO, CSIF e UGT lexítimos representantes dos traballadores. Ademais oíronse e estudáronse alegacións de colectivos e profesionais de todos os ámbitos da investigación que prestan servizo en todo tipo de entes dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, debemos sinalar que malia que entendemos que o proxecto de Decreto viña a establecer unha mellora das condicións que actualmente ten o persoal investigador, non obstante, ante as inxedanzas do persoal investigador, a Administración está estudando os diferentes modelos de desenvolvemento da Ley de la Ciencia y Tecnología nas diferentes CCAA e analizando as posibles alternativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:04:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10337** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego destinadas a atender as necesidades das persoas e colectivos afectados pola venda do Banco Popular Pastor”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Xunta non ten ningunha competencia sobre esta operación, xa que tanto o Banco Santander como o Banco Popular son dúas entidades que operan no conxunto do territorio español.

Dende o primeiro momento que se coñeceu a venda do Banco Popular, a Xunta de Galicia mostrou a súa preocupación por unha decisión que en conxunto, consideraba que non era unha boa noticia para Galicia. Había tres preocupacións fundamentais para o Goberno galego que eran os depositantes, o emprego e os pequenos accionistas.

O Presidente da Xunta, en sede parlamentaria, comprometeuse a que o Goberno galego seguiría polo miúdo a situación dos empregados galegos e as súas familias, así como da situación dos pequenos accionistas.

O Banco Santander abriu vías para compensar a determinados accionistas do Banco Popular a través do bono de fidelización.

Coa operación de compra e tal e como ten manifestado o Goberno de España, todos os clientes do Banco Popular viron garantidos os seus aforros e depósitos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 9:03:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7735**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central en relación cos axustes que se deben realizar na política pesqueira común cando o Reino Unido abandone de xeito efectivo a Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que este asunto xa foi contestado na sesión plenaria do 9 de maio de 2017, no Parlamento de Galicia, a través dunha comparecencia a petición propia da titular deste Departamento, para informar sobre o posible impacto do Brexit no sector pesqueiro galego, as posibilidades que se abren ante esta nova conxuntura e as accións desenvolvidas con respecto a este asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 15:09:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25886

Data envío: 08/02/2018 18:50:43.713

Data 08/02/2018 18:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7777**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as conclusións do informe elaborado polo grupo de traballo constituído polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o 061 e a Consellería do Mar co fin de complementar as propostas trasladadas por Galicia á Unión Europea en relación coas caixas de primeiros auxilios exixidas nas embarcacións pesqueiras da frota de baixura”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 12.09.2017- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 12796 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:50:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 16:39
Nº Rexistro: 26392

Data envío: 16/02/2018 16:39:03.135

Data 16/02/2018 16:38

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8149**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre “**o número de convenios colectivos asinados no sector da pesca en Galicia nos últimos cinco anos, os datos e a opinión do Goberno galego ao respecto, así como as medidas que vai levar a cabo para impulsar o seu asinamento para as persoas que traballan no sector pesqueiro extractivo**”, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 8150 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 16:38:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25884

Data envío: 08/02/2018 18:50:25.681

Data 08/02/2018 18:50

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9611**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a valoración polo goberno de Galicia da evolución do sector da conserva durante o ano 2016”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 28.09.2017- ao darlle resposta á pregunta 12801 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:50:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13242**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado dos servizos comúns procesuais e a implantación dun plan piloto de servizos comúns procesuais de cara á súa centralización e eficiencia”**, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente, na comunidade autónoma de Galicia están implantados os denominados Servizos Comúns de Notificacións e Embargos con funcións de actos de comunicación e de execución, consonte ao Regulamento 2/2010 sobre criterios xerais de homoxeneización das actuacións dos servizos comúns procesuais.

Por outra banda, cómpre ter en conta que o pasado 18 de setembro se publicou no Diario oficial de Galicia o Decreto 87/2017, do 7 de setembro, polo que se regula a estrutura e organización da Oficina Xudicial en Galicia, iniciándose ademais os traballos para consensuar o modelo concreto a desenvolver no partido xudicial de Ourense como primeira experiencia en Galicia.

Este decreto recolle as funcións e tipoloxías dos servizos comúns procesuais en Galicia. Completarase a través das correspondentes ordes de desenvolvemento, que aprobarán a creación dos distintos servizos comúns procesuais en cada partido xudicial e que serán as que concreten a súa estrutura específica, organización xeral e data de entrada en funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:01:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 12:02
Nº Rexistro: 25925
Data envío: 09/02/2018 12:02:48.212

Data 09/02/2018 12:02

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 13354**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a cobertura informativa da CRTVG da comparencia do presidente do Goberno como testemuña no caso Gürtel.”**, (publicada no BOPG número 168 do 04 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia do 28/09/2017 ao darlle resposta á pregunta 13353 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:02:43



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16126**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a situación dos 15 traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria.”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballou, desde un primeiro momento, para impedir que a posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia derivase nunha situación de desemprego para ningún traballador do sector. Para iso asinou un acordo cos sindicatos con maior representatividade no sector que contén cláusulas de referencia a nivel estatal, que blindan a estabilidade laboral na posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia. O compromiso do Goberno galego neste sentido foi total e absoluto; tanto, que incluíu como causa de resolución contractual o incumprimento destas cláusulas sociais.

Cómpre subliñar que, con carácter xeral, o proceso de subrogación de traballadores se ten levado a cabo con normalidade na inmensa maioría dos 41 novos contratos de transporte público, agás o caso que se menciona na iniciativa.

A este respecto, sinalar que a Xunta ten realizado un intenso traballo desde o primeiro día en que se tivo constancia do problema coa subrogación dos traballadores da empresa saínte, Arriva, na entrante UTE Morán-Rodríguez.

Cinco destes traballadores foron contratados pola UTE e están actualmente adscritos ao contrato XG533. No caso dos outros traballadores afectados, a Xunta de Galicia púxose en contacto co INEM e mediou buscando unha vía para que puideran cobrar a prestación por desemprego e puideran estar dados de alta na Seguridade Social mentres non se resolvese o expediente.

O pasado 22 de decembro firmouse un acordo entre a empresa ARRIVA e os sindicatos UGT e CIG, polo que seis dos traballadores foron readmitidos nesta empresa.

A Xunta continuou a traballar na busca dunha solución para os traballadores que resta por contratar. Na reunión da comisión de seguimento do Plan de Transporte Público de Galicia celebrada o 16 de xaneiro, acordouse que a Xunta lle remitirá á empresa adxudicataria do contrato de transporte público da Mariña unha resolución na que se pon de manifesto a súa obrigabilidade do cumprimento da subrogación en relación coas tres persoas que están sen traballar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:49:41



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17821**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o destino previsto pola Xunta de Galicia para os terreos que está a ocupar na actualidade a estación de autobuses de Ourense, tralo seu traslado á futura Estación Intermodal do AVE, as súas intencións en relación coa construción dun parque público neles, así como a recepción do acordo do Concello de Ourense ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 188 do 06 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A execución da Estación Intermodal de Ourense e o seu contorno urbano acordouse mediante a firma dun Convenio Marco de colaboración asinado o 22 de xuño de 2016 entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade. As actuacións son: a nova estación de autobuses, un novo aparcamento subterráneo, as que afectan á actual estación de ferrocarril e actuacións de permeabilidade transversal urbana.

Con posterioridade, a Comisión de Seguimento do convenio determinou a tramitación destas actuacións pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese; para o que se redactou o ‘Proxecto integrador da nova estación intermodal de Ourense (estación de ferrocarril e conexións de permeabilidade transversal, estación de autobuses e aparcamento para turismos)’.

A actual estación de autobuses non se atopa dentro do ámbito do Proxecto integrador, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 7 de decembro de 2017.

Por iso, unha vez rematada a nova terminal de autobuses, os terreos da actual estación de autobuses quedarán á disposición do Concello para o seu desenvolvemento de acordo coa normativa urbanística vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:49:22



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18243**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa evolución que presentan a situación e a capacidade económica dos fogares galegos, a súa opinión referida ao impacto que están a ter na sociedade as súas políticas económicas e fiscais, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2018 polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao dar resposta á pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 22211, sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:06:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18635**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do malestar xerado nos colectivos de membros do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación co Decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 28 de xullo de 2017, a súa opinión en relación coas melloras que introduce ese decreto e a súa valoración respecto da redacción que presenta”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A lei de gardacostas establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola asesoría xurídica xeral no seu informe do decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 14:07:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19458**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de xuño de 2017 en relación coa situación de peche da pesqueira da cigala na zona VIIIc e as súas repercusións para a flota galega de arrastre”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente o pasado 23 de xuño de 2017 aprobouse non unha, senón varias Proposicións non de lei sobre a necesidade de reabrir a pesquería de CIGALA VIIIc para o ano 2018, todo a pesar que había unha intención de todas as forzas políticas en facer unha Proposición non de lei conxunta.

Por outra banda, efectivamente somos coñecedores dos resultados do estudo realizado polo IEO a propósito da pesquería da cigala, no que se recomenda a reapertura desta pesquería para a zona VIIIc, despois dos datos presentados para o ano 2015 e 2016 nos que se recoñecía a abundancia de stock.

Neste sentido, o ICES recomenda que haxa reaperturas con cuota reducida e que ademais debe aplicar un enfoque de precaución para protexer as existencias nestas unidades.

Por último, os resultados das negociacións dos TAC e cotas para 2018, no tocante ao peche da cigala, a Comisión demandou ao Consello Internacional para a Explotación do

Mar (ICES) que reavalie a pesquería tendo en conta os datos achegados polo Goberno de España, cuestión de suma importancia xa que o ditame de peche era válido para os exercicios 2017, 2018 e 2019. Cabe sinalar tamén que nas augas de Gran Sol e Francia obtívose un aumento do 15% na cota da cigala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 14:07:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19872**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xestión para a construción dunha rampla no peirao de Esteiro, en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o mantemento dalgunha conversa co Patrón Maior de Muros ao respecto e, se é o caso, os compromisos acadados”**, (publicada no BOPG número 212 do 16 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego ten vontade de dotar dunha rampla ao peirao de Esteiro, no municipio de Muros, e está a traballar nese sentido para dar resposta á demanda recibida pola Confraría de Pescadores de Muros. Esta actuación está supeditada á tramitación ambiental que implica o cumprimento dos requisitos administrativos impostos polo organismo ambiental competente a nivel do Estado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 14:18:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20425**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da derogación da Lei 1/2012, do 20 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia e a restauración das condicións laborais existentes antes da súa entrada en vigor, así como o establecemento coas organizacións sindicais dun calendario de recuperación do complemento específico ou concepto equivalente suprimido nas pagas extraordinarias de 2013, 2014, 2015 e 2016”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi facilitada no Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2017, polo Conselleiro de Facenda ao dar resposta a interpelación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia con Nnúmero de rexistro 20422, de similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:03:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20606**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as propostas e valoracións trasladadas ou que vai trasladar o Goberno galego tralo informe elaborado pola Comisión de Expertos para a revisión do modelo de financiamento autonómico, as súas razóns para non informar ao Parlamento de Galicia ao respecto e a súa opinión referida á posible eliminación da coñecida como cláusula do statu quo, o avance na recentralización e na perda de capacidade normativa propia, así como as posibilidades de que a Administración central non incremente os recursos dispoñibles”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 3ª do 17.01.2018- polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao comparecer sobre este mesmo asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:03:44



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20668**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación na que se topan os nove traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús A Mariña-Viveiro-Ribadeo que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria, así como as medidas adoptadas e/ou previstas ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballou, desde un primeiro momento, para impedir que a posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia derivase nunha situación de desemprego para ningún traballador do sector. Para iso asinou un acordo cos sindicatos con maior representatividade no sector que contén cláusulas de referencia a nivel estatal, que blindan a estabilidade laboral na posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia. O compromiso do Goberno galego neste sentido foi total e absoluto; tanto, que incluíu como causa de resolución contractual o incumprimento destas cláusulas sociais.

Cómpre subliñar que, con carácter xeral, o proceso de subrogación de traballadores se ten levado a cabo con normalidade na inmensa maioría dos 41 novos contratos de transporte público, agás o caso que se menciona na iniciativa.

A este respecto, sinalar que a Xunta ten realizado un intenso traballo desde o primeiro día en que se tivo constancia do problema coa subrogación dos traballadores da empresa saínte, Arriva, na entrante UTE Morán-Rodríguez.

Cinco destes traballadores foron contratados pola UTE e están actualmente adscritos ao contrato XG533. No caso dos outros traballadores afectados, a Xunta de Galicia púxose en contacto co INEM e mediou buscando unha vía para que puideran cobrar a prestación por desemprego e puideran estar dados de alta na Seguridade Social mentres non se resolvese o expediente.

O pasado 22 de decembro firmouse un acordo entre a empresa ARRIVA e os sindicatos UGT e CIG, polo que seis dos traballadores foron readmitidos nesta empresa.

A Xunta continuou a traballar na busca dunha solución para os traballadores que resta por contratar. Na reunión da comisión de seguimento do Plan de Transporte Público de Galicia celebrada o 16 de xaneiro, acordouse que a Xunta lle remitirá á empresa adxudicataria do contrato de transporte público da Mariña unha resolución na que se pon de manifesto a súa obrigación de cumprimento da subrogación en relación coas tres persoas que están sen traballar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:47:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **21402**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións concretas e os prazos previstos polo Goberno galego para a recuperación das embarcacións tradicionais, a valoración da posibilidade de garantir espazos para o seu amarre nas dársenas de titularidade autonómica e as súas intencións respecto da creación da figura das “Mariñas tradicionais” naqueles portos onde exista esa flota, así como as medidas que vai adoptar para posibilitar a actuación do sector marítimo-cultural como axente dinamizador nos portos autonómicos”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar aposta pola dinamización e polo impulso da construción de embarcacións en madeira, debido a que conxuga tradición e futuro, facendo fincapé neste tipo de construción de embarcacións que fomentan as técnicas de navegación e dos oficios do mar. Ademais, este tipo de embarcacións teñen unha maior adaptabilidade ao medio e valor ambiental pola súa menor pegada de carbono.

Por tanto, anunciar que efectivamente se teñen levado accións concretas para a recuperación de embarcacións tradicionais.

Concretamente para o pasado ano 2017 se asinou un convenio entre a Consellería do Mar e a Asociación Empresarial Galega de Carpinterías de Ribeira (en adiante, Agalcari), por unha contía de 28.000 euros. As finalidades deste convenio son as seguintes:

- A realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Actividades de funcionamento da propia Asociación en canto contribúe a dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Mantemento e actualización da páxina web da Asociación.
- Edición de boletíns informativos e calquera outro gasto de difusión sobre as actividades.
- Organización de reunións, seminarios, congresos, feiras e outros ou no seu caso asistencia a este tipo de eventos que teñan como obxecto a promoción e fomento da construción naval en madeira.

- Realización de estudos e edición de publicacións sobre a carpintería de ribeira.
- Adquisición de equipamento necesario para o funcionamento da asociación ou a realización das actividades.

Agalcari é unha Asociación de empresarios de construción naval en madeira que ten como misión a dinamización económica e produtiva da construción naval en madeira e as súas empresas, o recoñecemento social da actividade e a protección e preservación do seu inestimable valor como parte viva do patrimonio marítimo, cultural e etnográfico.

Integran esta entidade un total de 20 estaleiros, dando emprego directo a máis de cen persoas, e indirectamente a cincocentas personas.

En cando a se se garanten espazos nos portos de titularidade autonómica, sinalar que sí, e existen portos con dársenas que xestionan directamente algunha destas asociacións que se dedican á posta en valor destas embarcacións. Por outra banda, en canto a se se vai a facilitar a creación de 'Mariñas tradicionais' hai que dicir que xa se están facendo en distintos portos de Galicia.

Por último, dentro das medidas para fomentar o sector marítimo – cultural como axente dinamizador dentro dos portos, incidir no xa sinalado na Comisión 8ª, que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, despois dun traballo conxunto con AGALCARI e con outros expertos, incoou a declaración coma Ben de Interese Cultural (BIC) da manifestación sobranceira do patrimonio inmaterial de Galicia da técnica da carpintería de ribeira, a maiores de todas as accións de promoción anteriormente sinaladas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:33:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21532**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á situación do relevo xeracional no sector pesqueiro, as medidas que vai adoptar para garantir e as actuacións concretas previstas ao respecto, así como a súa opinión en relación coa incidencia que van ter nel os recortes orzamentarios levados a cabo en materia de formación para a xuventude e na axuda inicial para persoas novas pescadoras”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde xaneiro de 2016 gañamos afiliados ao Instituto Social da Mariña e, ademais, o saldo a decembro 2017 é positivo en 259 persoas.

Pola contra, compre lembrar que entre 2005 e 2009 se perderon un total de 3.887 afiliados.

En todo caso, dende a Consellería do Mar seguiremos a traballar para acadar un relevo xeracional no sector pesqueiro galego.

Entre as medidas e as accións concretas levadas á cabo dende a chegada deste Goberno á Xunta de Galicia, cómpre sinalar as negociacións para conseguir aumentar as cotas de pesca para Galicia, que dende o 2009 o fixeron en máis de 80.000 toneladas e que supuxo un aumento na facturación de máis de 200 millóns de euros.

Por outra banda e dentro destas medidas, eliminamos a partida dedicada a despezar buques e por iso se incrementan os fondos destinados ás ensinanzas marítimo-pesqueiras, que volven a medrar neste ano nun 2,5%, acumulando máis dun 7% nos dous últimos orzamentos.

A maiores, axustamos a partida destinada á compra de embarcacións por parte de mozos destinando máis de 300.000 euros e a eles sumámoslles outros 435.000 que irán empregados en formación a bordo para menores de 30 anos, o que o montante global destinado á incorporación de xente nova medra porcentualmente nun 50%. Existen varias liñas de axudas neste eido:

- Para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cunha liña de axudas de máis de 610.000 euros. Ao abeiro destas achegas a Consellería do Mar destina medio millóns de euros para subvencionar ata un 25% a adquisición do primeiro barco pesqueiro para persoas menores de 40 anos, ata un máximo de 75.000 euros.
- Para realizar actuacións por parte dos propietarios de buques pesqueiros que realicen investimentos que fomenten a pesca sustentable dende o punto de vista medioambiental, por un importe de 2,6 M €. Ao abeiro destas achegas, os donos de buques poderán acceder ás subvencións para limitar o impacto da pesca ou que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques e aqueles relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

Por último, seguimos apostando pola formación, de xeito que para os orzamentos deste ano 2018 se incrementa un 2,5% os fondos destinados ás ensinanzas marítimo – pesqueiras, acumulando xa unha suba do 7% nos dous últimos orzamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:32:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 25868

Data envío: 08/02/2018 18:47:47.415

Data 08/02/2018 18:47

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21690**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a seguridade viaria para persoas usuarias de bicicleta no proxecto de reforma e mellora da seguridade viaria na PO-308.”**, (publicada no BOPG número 234 do 26 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en resposta á pregunta oral en Comisión número 21689, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 18 de xaneiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d78481c5-6657-b952-59b4-22161de9f086



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:47:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21905**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Magdalena Barahona Martín, sobre **“as modificacións de crédito para gastos de locomoción para acudir ás xuntanzas do grupo de traballo sobre a previsión do cadro macroeconómico das comunidades autónomas na AIReF (Autoridade independente de responsabilidade fiscal) entre setembro e decembro de 2017”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Conselleiro de Facenda encomenda ao Director do IGE a representación da Comunidade Autónoma na 1ª Xornada de Economía e Sostenibilidade Rexional, organizada pola AIReF e celebrada en Madrid o 19 de xuño de 2017. Acórdase crear o Grupo de Traballo do Cadro Macro Rexional (GT) e proponse un calendario de reunións: setembro 2017, decembro 2017, marzo 2018 e xuño 2018.

O 5 de outubro de 2017 celébrase en Madrid a primeira reunión do GT, na que participan o Director e 2 técnicos do IGE. Acórdase crear un subgrupo de traballo (GT Técnico), que se poderá reunir por videoconferencia entre as sesións plenarias do GT. As datas propostas para o GT Técnico son o 22 de novembro e o 13 de decembro de 2017.

As reunións do GT e do GT Técnico previstas entre setembro e decembro de 2017 explican a modificación de crédito por valor de 2.926,51 € no capítulo II de orzamentos do IGE.

Dado que o GT Técnico celebrou finalmente as súas sesións por videoconferencia (22 de novembro e o 20 de decembro de 2017) e que o plenario do GT previsto para decembro de 2017 se traslada ao 18 de xaneiro de 2018, o gasto finalmente realizado ao cerre do

exercicio correspóndese coa xuntanza presencial á mesma de 3 técnicos do pleno celebrada en Madrid o 5 de outubro: 1.965,81 €.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 14:30:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12348**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o modelo de xestión da lonxa de Ribeira**”, (publicada no BOPG número 149 do 20 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A nova lonxa de Ribeira está a funcionar dende o pasado mes de agosto en plenas condicións de normalidade e sen que dende Portos de Galicia se teñan detectado incidencias de envergadura na prestación do servizo de explotación desta infraestrutura que leva a cabo a UTE Lonxa de Ribeira, concesionaria da mesma.

Cómpre recordar que durante todo o proceso para o outorgamento da autorización administrativa correspondente para a explotación do novo edificio, Portos de Galicia e concretamente a súa directiva, mantivo un contacto directo co sector e os traballadores e empresas que operan na lonxa, así como cos actuais xestores e, nomeadamente a Confraría de Pescadores. Por este motivo, Portos de Galicia coñece de xeito detallado e riguroso o funcionamento da lonxa e as necesidades plantexadas polos seus usuarios e está a dar resposta a elas, proba do cal é o feito de que a actividade estase a desenvolver con absoluta normalidade. En canto á xestión diaria, como é sabido, corresponde non directamente ao ente público senón a unha unión temporal de empresas que resultou concesionaria por concurso público, a citada UTE Lonxa de Ribeira.

Polo que respecta ás taxas aplicadas por Portos de Galicia son as que se recollen na Lei de Taxas da comunidade autónoma aprobada polo Parlamento de Galicia, sen excepción discrecional algunha, como non pode ser doutro xeito. Dende a propia concesionaria tense

clarexado a este respecto que os armadores manteñen as taxas que viñan pagando con anterioridade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:42:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13240**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno sobre a implantación de cara á centralización e eficiencia dun plan piloto de servizos comúns procesuais”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente, na comunidade autónoma de Galicia están implantados os denominados Servizos Comúns de Notificacións e Embargos con funcións de actos de comunicación e de execución, consonte ao Regulamento 2/2010 sobre criterios xerais de homoxeneización das actuacións dos servizos comúns procesuais.

Por outra banda, cómpre ter en conta que o pasado 18 de setembro se publicou no Diario oficial de Galicia o Decreto 87/2017, do 7 de setembro, polo que se regula a estrutura e organización da Oficina Xudicial en Galicia, iniciándose ademais os traballos para consensuar o modelo concreto a desenvolver no partido xudicial de Ourense como primeira experiencia en Galicia.

Este decreto recolle as funcións e tipoloxías dos servizos comúns procesuais en Galicia. Completarase a través das correspondentes ordes de desenvolvemento, que aprobarán a creación dos distintos servizos comúns procesuais en cada partido xudicial e que serán as que concreten a súa estrutura específica, organización xeral e data de entrada en funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:01:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13833**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o estado de saneamento das rías galegas**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O argumento da perda produtiva xeral do marisqueo nas rías galegas nos últimos anos non se sostén se temos en conta os rexistros de descargas nas lonxas de Galicia.

O sector marisqueiro en Galicia explota un conxunto variado de recursos mariños, fundamentalmente:

- Moluscos bivalvos infaunais (ameixas e berberechos) que apañados polos colectivos de marisqueo a pé e a flote.
- Moluscos bivalvos epifaunais (vieira, volandeira, ostra), que se extraen mediante rastros remolcados e bou de vara.
- Recursos específicos, nos que se engloba un conxunto variado de organismos como o percebe, ourizo de mar, navallas e longueiróns, algas, orella de mar, anémones ou poliquetos.

De todo este conxunto, no 2016 extraeuse un total de 9.217 toneladas, valor que ee sitúa en torno a media dos últimos 15 anos (8.800 Tm), sendo ademais o máis alto dos últimos 5 anos .

Tamén hai que sinalar que a meirande parte da produción (7.647 toneladas, 83%) pertence o grupo dos bivalvos.

Economicamente, no ano 2016 o marisqueo xerou un total de 83,6 millóns de euros en primeira venda, sendo o valor máis elevado dos últimos oito anos, debido a confluencia da recuperación produtiva antes sinalada e a progresiva recuperación dos prezos en lonxa que se leva producindo dende o 2013.

Por sectores produtivos, o marisqueo a pé e a flote serían os colectivos con maior importancia económica, repartíndose entre os dous o 80% do valor xerado (60,1 millóns de €), seguidos dos percebeiro/as, con 7,3 millóns de euros (10 € do conxunto).

Se ben, todo coñecemento científico que se poda xerar do estudo do medio e dos recursos mariños é fundamental para o correcto desenvolvemento da xestión do marisqueo, especialmente nos últimos anos nos que nalgúns zonas existen problemas, por exemplo co berberecho. Por este motivo, a Consellería do Mar leva promovendo estudos mediante o financiamento de proxectos de investigación como son o proxecto cockles, o convenio da navalla coa Universidade de Vigo, o estudo do reló, etc.

Por último, hai que sinalar que dende 2010 recuperáronse preto de 8 millóns de m² de superficie de zonas improdutivas, cun investimento de 5 millóns de euros destinados a 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.

Por outra banda e en relación ao saneamento das rías galegas, o Goberno galego ten avanzado moito nos últimos oito anos, aínda que queda camiño por percorrer e estanse poñendo as bases para acadalo. En total, investíronse máis de 1.000 millóns de euros dende o ano 2009, dos que 600 foron para as rías, o que demostra o compromiso deste Goberno co seu saneamento. En total, executáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos.

Un dos obxectivos deste esforzo inversor foi dotar ás grandes cidades galegas dos máis avanzados servizos de depuración. Entre eles destacan a EDAR de Lagares en Vigo, o saneamento integral de Ferrol ou a EDAR de Bens. En total, desde 2009 construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de acadar no ano 2020 o saneamento integral das rías.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:42:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13871**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez , sobre **“os contactos entre a Consellería do Mar e os representantes das confrarías da ría de Arousa para tratar o restablecemento do control da ría e corrixir a deterioración dos bancos marisqueiros”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 24.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 17902 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:34:43



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 13890**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a posibilidade de solicitarlle ao Goberno de España a modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor dos mariscadores”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde hai máis de 25 anos a Consellería competente en materia marítimo pesqueira ven apostando pola profesionalización do sector marisqueiro.

Foi no ano 1991 cando a daquela Consellería de Pesca chega a un pacto co sector para profesionalizar o labor de mariscadora. Dende 1993 e ata 2000 procedeuse a unha incorporación progresiva á cotización en canto que se foron mellorando as rendas, comezando a ser obrigatorio dende o ano 2000.

Naquel entón, e para minorar o impacto económico que a cotización podería supor nas mariscadoras, habilítanse axudas en conxunto coa Consellería de Trballo para sufragar, durante o ano 2000, as contías das cotizacións.

Este Goberno sempre apostou por mellorar pouco a pouco as rendas destas traballadoras co obxectivo de que puideran pagar mellor a cotización. Neste senso, a media de ingresos do ano 2016 foi a máis alta da serie histórica, atopándose nun 27% por riba da media. Amais, a media de ingresos anuais dos mariscadores medrou nun 22% desde 2009.

Ademais, dende ese mesmo ano téñense xerado máis de 1.700 permisos de explotación marisqueira, sendo en 2015 o primeiro ano da serie histórica iniciada coa profesionalización da actividade no ano 2000 no que sube o número de permex de marisqueo a pé.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26386
Data envío: 16/02/2018 15:09:09.553

En definitiva, neste asunto lévase traballando moito tempo pero cremos que a proposta dunha solicitude de modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar debe facerse despois dunha análise detallada e, ademais, unha vez remate a reforma do novo regulamento de clasificación de buques, de cara a adaptar xa os seus contidos aos COES axeitados para eles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 15:09:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13939**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración como una prioridade da formación dos profesionais implicados na atención ao conxunto de vítimas da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia o día 1 de agosto de 2017 publicouse o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Galicia é así pioneira a nivel estatal no compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e en contra da violencia de xénero.

Desta maneira, todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, o persoal docente, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e o persoal funcionario do corpo de Policía autonómica, serán formados neste eido. Ademais, no caso do persoal de novo ingreso que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento terán carácter obrigatorio.

Os contidos que se impartirán na formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero abordan materias a como igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

O decreto establece tres niveis de coñecemento, básico, medio e superior. O nivel básico acreditará unha competencia inicial que permita a inclusión progresiva do principio de igualdade

nos procesos habituais de traballo. O nivel medio acreditará unha competencia que permita integrar o enfoque de xénero en ámbitos como subvencións, contratos, produción normativa ou xestión administrativa, e o coñecemento e comprensión da violencia de xénero; e o nivel superior, acreditará unha competencia alta que permita o coñecemento e a aplicación práctica do enfoque integrado ou mainstreaming de xénero.

A Secretaría Xeral da Igualdade está traballar no procedemento de validación (recoñecemento) da formación do persoal incluído no ámbito de aplicación do decreto:

- Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- Persoal das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia
- Persoal docente
- Persoal do Servizo Galego de Saúde
- Persoal ao servizo da Administración de xustiza
- Persoal funcionario do Corpo de Policía de Galicia.
- Así como o procedemento para a inscrición no rexistro de persoal docente en materia de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero das persoas interesadas que o soliciten.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:34:23



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26159
Data envío: 14/02/2018 14:01:04.967

Data 14/02/2018 14:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13989**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e don Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre **“a falta de recoñecemento legal do dereito das persoas presas á asignación de avogado polo sistema de asistencia xurídica gratuíta para a defensa dos seus dereitos fronte a Administración penitenciaria”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta escrita ás iniciativas con número de rexistro 3548, 3549 e 3550, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:00:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26158
Data envío: 14/02/2018 14:00:36.310

Data 14/02/2018 14:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **14036**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os bens inmobles inmatriculados a favor da Igrexa Católica dende o ano 1998**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no Pleno do Parlamento, na sesión celebrada o 5 de abril de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 6362, presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:00:30



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26156
Data envío: 14/02/2018 14:00:10.404

Data 14/02/2018 14:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **14047**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a petición ao Goberno do Estado da modificación da Lei do indulto de 1870 para prohibilo nos casos de corrupción”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta ás iniciativas con número de rexistro 6812, 6813 e 6814, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

áxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:00:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14059**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intención do Goberno galego de instar ao Goberno do Estado para que manteña todas as oficinas do Rexistro Civil que actualmente existen en Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) son competencia directa do Ministerio de Xustiza.

No ano 2011, durante o Goberno do Partido Socialista e por consenso unánime dos grupos parlamentarios, aprobouse a Lei 20/2011 de Rexistro Civil (cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata xuño de 2018).

Entre as principais características do modelo de Rexistro Civil aprobado pola Lei 20/2011, incluíronse:

- Un modelo desxudicializado dos rexistros civís, de maneira que os xuíces e xuízas deixan de ser os encargados do Rexistro Civil e estas funcións se lle encomendan a outro persoal cualificado da Administración.
- Con relación á organización das oficinas do Rexistro Civil, o modelo de 2011 estableceu 3 tipos: Oficina Central, Oficinas Xerais e Oficinas Consulares coa finalidade, segundo a súa propia exposición de motivos, de contemplar unha organización moito máis sinxela que a anterior. No que se refire ás oficinas xerais, o artigo 22 da Lei de 2011 determina que en cada comunidade autónoma ubicarase, polo menos, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia poderán crear nos seus respectivos ámbitos territoriais, ademais, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes. Ademais, establece que, excepcionalmente e por razón da singular distribución da poboación ou características do territorio, poderanse crear outras tres Oficinas Xerais en cada comunidades autónoma.

- Con relación aos xulgados de paz, o modelo da Lei de 2011 indica que os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil nos xulgados de Paz.
- O modelo incide igualmente en configurar ao Rexistro Civil como unha base de datos única, que permite compaxinar a unidade de información coa xestión territorializada e a universalidade no acceso.

O Goberno galego considera que un principio esencial do Rexistro Civil é o carácter gratuíto da prestación deste servizo público, como se asegurou a través da Lei 18/2014 de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (onde se establece que a prestación do servizo público que constitúe o Rexistro Civil continuará a ser gratuíta, sen excepción de ningún tipo), circunstancia esta que non se mencionaba no texto primitivo da Lei 20/2011.

O Ministerio de Xustiza anunciou a intención de continuar coa desxudicialización do Rexistro Civil, se ben baixo a premisa de que o cambio de xestión non leve redución de emprego público e que o Rexistro Civil sexa dixital, público, gratuíto e próximo á cidadanía.

En definitiva, a Xunta de Galicia considera que cómpre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade deste servizo público e favorecendo que sexa prestado por persoal da administración de xustiza de acordo coas correspondentes relacións de posto de traballo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 12:57:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14063**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento en Galicia do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, en canto ao número de oficinas que é a ratio ideal por Fiscalía”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O relevo de postos na organización do Ministerio Fiscal forma parte das decisións internas do Poder Xudicial. A motivación de nomeamentos e remudas corresponde ao ámbito interno da autoridade competente para facelos.

No que se refire ao artigo 324 da Lei de axuízamento criminal, dito articulo informa de que as dilixencias de instrución practícaranse durante o prazo máximo de seis meses desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas. Pero engade que, antes da expiración dese prazo, o instrutor -a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes- poderá declarar a instrución complexa cando, por circunstancias sobrevidas á investigación, esta non puidese completarse razoablemente no prazo estipulado ou concorreran algunhas das circunstancias previstas no apartado seguinte dese artigo.

Se a instrución é declarada complexa, o prazo pasa a ser de dezoito meses, que o instrutor da causa poderá prorrogar por igual prazo ou inferior (de novo, a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes).

En definitiva, isto permite que as actuacións complexas sexan obxecto de prórrogas ata acadar a súa fin, que non é outra que levar a xuízo, no seu caso, aos/ás presuntos/as criminais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:59:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14072**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intención do Goberno galego de reivindicar a ampliación do edificio actual dos xulgados de Vilagarcía de Arousa para crear un novo xulgado e habilitar espazos para arquivo e calabozo”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a impulsar decididamente a ordenación e proceso de expurgo dos expedientes xudiciais. O froito destes traballos é -polo de agora- un total dun millón de expedientes xestionados para o proceso de expurgo, transferidos aos arquivos xudiciais territoriais e aos arquivos históricos provinciais.

En todo este proceso é necesaria a vontade e colaboración do persoal xudicial, dada a concepción avalada pola leis e a xurisprudencia de que os expedientes xudiciais, aínda que arquivados, seguen a ser materia xurisdicional. Por iso calquera actuación da administración autonómica debe estar acompañada pola supervisión e colaboración xudicial.

Entre outras actuacións nesta materia, durante o ano 2016 e como proxecto piloto, organizouse toda a documentación arquivada no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa. Foron un total de 61.706 expedientes, que se arquivaron en 3.535 caixas.

A documentación rexistrouse toda na aplicación informática ARQUIVO, o que permite xestionar dunha forma sinxela o arquivo xudicial, facilitando non só as transferencias de documentación entre os distintos arquivos (Arquivo Territorial e Histórico), senón tamén o expurgo.

O obxectivo das actuacións levadas a cabo no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa foi, tamén, desenvolver un sistema informático para a xestión dos arquivos de expedientes físicos e de pezas de convicción.

Este labor dividiuse en dúas partes. A primeira foi conseguir a organización, descrición e instalación da documentación xudicial custodiada no arquivo deste xulgado, seguindo criterios arquivísticos. O

obxectivo foi a implantación do Sistema de Xestión de Arquivos Físicos Xudiciais (ARQUIVO) para a xestión do ciclo de vida dos expedientes en formato papel. Deste xeito, creábanse as condicións para levar a cabo un control, localización e trazabilidade dos expedientes xerados por este órgano xudicial, así como as transferencias documentais ao arquivo Xudicial Territorial, ademais de xestionar as políticas de expurgo de documentación xudicial. Outra das medidas que se perseguíu foi a integración do expediente xudicial con dispositivos electrónicos de localización e control, que permitan a localización dos expedientes xudiciais deste órgano en calquera momento, a súa transferencia a outro arquivo do sistema, así como o seu expurgo.

Coa segunda parte buscouse a creación dun sistema de xestión das pezas de convicción que ingresen no xulgado, permitindo a identificación e xestión dos bens mobles incautados nun procedemento xudicial, garantindo a súa autenticidade, trazabilidade e xestión das pezas. Tamén lle permitirá asignar un espazo físico dentro do depósito, así como publicar a imaxe electrónica do ben.

Este proceso, xa rematado no xulgado nº 1, preténdese continuar ao longo de 2018 noutros xulgados de primeira instancia e instrución, mesmo do devandito partido xudicial.

En canto a futuras creacións de xulgados, a Xunta de Galicia formula de xeito consensuado co Poder Xudicial en Galicia a proposta de creación de novos xulgados en función de criterios obxectivos de carga de traballo e do número de unidades xudiciais que contemplan crear os orzamentos xerais do Estado e a súa asignación concreta a Galicia.

As dúas variables, número de creación e carga de traballo, son analizadas na Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, a fin de elaborar a proposta de creación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:59:22



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14084**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o parecer do Goberno galego en relación á contratación da empresa de consultoría EVERIS Spain SL como un exemplo de externalización da xestión da Administración de Xustiza**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de setembro de 2017 publicouse o Decreto 87/2017 polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia, tras ter sido presentado ás organizacións sindicais máis representativas do sector da xustiza e estar dispoñible na páxina web www.xustiza.gal para coñecemento dos axentes implicados e de todos os interesados.

O modelo de oficina xudicial é flexible para poder adaptarse á realidade dos distintos partidos xudiciais. Por iso, o recurso a empresas expertas na materia foi a solución empregada por outras comunidades autónomas como Andalucía, Cataluña, ou o mesmo Ministerio de Xustiza -durante os anos de goberno do PSOE- nas primeiras implantacións que se levaron a cabo en partidos como o de Burgos, Murcia, Mérida ou Cuenca.

No caso de Ourense, realizouse unha análise de situación específica, que parte, ademais, do coñecemento de experiencias previas noutros territorios para aproveitar estas vantaxes.

O obxectivo é debullar as mellores solucións para a súa implementación co acordo de todos os sectores implicados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 12:24:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de expedientes transferidos dende o inicio do proceso de modernización dixital aos Arquivos Xudiciais Territoriais das catro provincias galegas”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a executar diversas actuacións co obxectivo de mellorar o funcionamento dos arquivos xudiciais, incidindo naquelas encamiñadas a salvagardar o patrimonio documental e que permiten desconxestionar os arquivos e oficinas xudiciais.

Así, a Xunta impulsou a elaboración de normas para facer efectiva a organización e expurgo da documentación xudicial; a creación, constitución e funcionamento da Xunta de Expurgo; e a elaboración dun plan inicial na materia. Neste marco, inscríbese o decreto 46/2009, do 26 de febreiro, relativo ao funcionamento dos arquivos xudiciais territoriais e á Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia; ou a orde do 4 de setembro de 2013, na que se estableceron as normas e modelos de transferencia da documentación xudicial e determinouse o inicio das actividades dos Arquivos Territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial. Tamén se dotou de persoal técnico aos 4 arquivos territoriais.

Grazas a todas estas actuacións, un millón de expedientes foron transferidos á Xunta de Expurgación Xudicial e aos arquivos históricos provinciais, atopándose expedientes históricos de relevancia. Neste ano, están planificadas novas actuacións neste sentido.

Por outra banda, a xestión eficiente do arquivo a través dunha aplicación informática ten como obxectivos a xestión do ciclo de vida dos documentos e expedientes xudiciais, así como o control das pezas de convicción existentes. Trátase de asegurar en ambos os casos a súa trazabilidade e localización, facilitando non só as transferencias entre os distintos arquivos ou depósitos do sistema, senón tamén o expurgo. Así mesmo, pretende facilitar a xestión do espazo físico dispoñible.

Actualmente, estase desenvolvendo un piloto con todas as funcionalidades nas provincias de Ourense e en Pontevedra. A previsión é implantar progresivamente o uso desta aplicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:59:03



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14111**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación laboral dos funcionarios e funcionarias da terceira planta da Audiencia Provincial de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta ás iniciativas con número de rexistro 10915, 10916 e 10917, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que a Xunta de Galicia instalou un sistema de climatización (multi-split inverter) o pasado 5 de xullo para solucionar os picos de temperatura que se rexistraron nunha determinada zona da terceira planta da Audiencia Provincial de Pontevedra. En calquera caso, ademais desta solución, a planificación de obras de eficiencia enerxética prevé o posterior acondicionamento de toda a planta cun sistema propio de refrixeración.

Cómpre recordar, ademais, que o Goberno galego, no marco do seu Plan de infraestruturas, está a construír un novo edificio en Pontevedra, que reunirá todos os órganos xudiciais unipersoais da cidade, concretamente os xulgados do contencioso-administrativo, do social e mercantís. Así, cando rematen as obras deste novo edificio xudicial, está previsto que se

trasladen a estas novas instalacións os xulgados do social e os mercantís que, de xeito transitorio, están en parte ubicados na terceira planta da Audiencia de Pontevedra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:58:44



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727